

PLAN DE CONVIVENCIA

REVISIÓN Nº : DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 4/2/2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 4/2/2019

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices.

Ten en conta propostas do claustro.

Foi elaborado pola Equipo de dinamización de convivencia, informado pola comisión de convivencia e informado polo consello escolar.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.

As normas de organización e funcionamento do centro incluírán as normas de convivencia que garanten o cumprimento do plan de convivencia. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

TÁBOA DE CONTIDO

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	4
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.....	7
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.....	11
3.1.....	13
3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.....	14
i. Actividades do plan de acollida.....	14
ii. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.	25
iii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.	26
iv. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.	27
v. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo	27
- Tutoría entre iguais.....	31
- Mediación escolar:	31
vi. Aula de convivencia inclusiva.....	35
3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:	47
i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.....	47
ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.	49
iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.	49
3.3. Protocolo de Absentismo.....	50
3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia	50
i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFP)	50
ii. Escola de nais e pais. Creación das escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.	51
3.5. Normas de convivencia do centro.....	52

3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.	57
i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección	57
ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección	59
iii. Criterios para a elección de instrutor	60
iv. Gradación das medidas correctoras	61
v. Procedemento conciliado	62
3.7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro. (composición, funcións e periodicidade das reunións).....	62
3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	64
3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.	64
(reunións iniciais familias, a través das titorías, páxina web, trípticos informativos ...).....	64
3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.	65
4. CUESTIONARIO SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR	67

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Os problemas de conduta e a desmotivación dos alumnos convertéronse nos principais obstáculos da tarefa docente. Fronte a lamentos inútiles, cabe a busca de estratexias que permitan previr conflitos futuros e resolver eficazmente aqueles que xa se presentaron, considerando cada situación problemática como unha ocasión para aprender a xestionar mellor a clase e como un exercicio práctico no que os alumnos aprendan a construír un clima de convivencia respectuoso e favorable ao traballo escolar. Dentro desta perspectiva de ver o lado positivo e formativo dos conflitos, é necesario que o profesorado se dote de recursos que lle permitan resolver as situacións problemáticas cotiáns.

Na escola, ao igual que noutros contextos, reproducense situacións conflitivas da sociedade, pero tamén a posibilidade de supervisión e resolución deses conflitos, xa que sen dúbida algunha, consideramos a escola un lugar ideal para APRENDER A CONVIVIR.

O noso centro persegue un gran obxectivo: “formar persoas capaces de apreciar os valores e as normas de convivencia, de obrar de acordo con elas, preparándose para o exercicio activo da cidadanía e respectando os dereitos humanos, en definitiva, queremos formar futuros cidadáns capaces de convivir.”

Así mesmo, debemos remarcar a necesidade de lograr a implicación de toda a comunidade educativa, polo que debemos ser quen de establecer as canles axeitadas de información coas familias.

Na actualidade a situación de convivencia no centro é boa. Non se observan problemas serios, xurdindo de cando encando conflitos esporádicos que non revisten gravidade, resoltos fundamentalmente con medidas disciplinarias de carácter menor.

As relación coas familias e comunidade educativa, en termos xerais, é boa.

No centro existe unha ANPA, que se implica case ao 100 % naquelas actividades nas que o centro solicita a súa colaboración.

A colaboración das familias coa actividade formativa pódese mellorar sensiblemente, dende o punto de vista do claustro.

A hora de atención a pais/nais realízase os mércores, en horario de 17.5 a 18.15 horas, aínda que non existe problema algún para que pais/nais con dificultade para acercarse ao centro nese horario, sexan atendidos polos titores/as telefonicamente ou en horario lectivo, sempre que non se interrompa o normal desenvolvemento das clases e a organización do Centro.

A maior parte do alumnado pertence ao contorno próximo.

Durante o recreo o patio está dividido en dúas zonas: unha zona con area para os alumnos e alumnas de Educación Infantil e o resto do patio para os alumnos de Educación Primaria.

Durante este espazo de tempo tamén se utiliza a Biblioteca Escolar e a Pinacoteca.

Así mesmo debemos mencionar que o profesorado titor transmite ao inicio do curso normas de funcionamento do centro e de aula, medida que vai perdendo efectividade ao longo do curso, como no relativo ás entradas e saídas ás clases, cambios de clase con demasiado ruído, etc.

En definitiva, poderíamos concluír que os conflitos máis frecuentes no centro son:

- Rotura na aula: falar cos compañeiros/as, falar sen respectar a quenda de palabra,..
- Perda de respecto entre iguais ou menores no tempo de recreo.
- Desobediencia ás ordes educativo-formativas do mestre-a/familia.
- Esquecemento do material preciso para o normal funcionamento da clase.
- Falta de hábitos de traballo: falta de traballo na casa, estudo organizado, pouca autonomía ...

No entanto. Nos últimos anos vimos observando a presenza, cada vez máis, dalgunhas condutas disruptivas nalgunhas aulas e algunhas dificultades nas relacións sociais que se poñen de manifesto nos momentos de lecer.

Propostas do Claustro.

Os mestres que conforman o equipo de dinamización de Convivencia recollen na súa memoria a necesidade de traballar para favorecer a inclusión de todo o alumnado e sentar as bases para evitar un futuro acoso escolar. Tendo isto en conta o claustro de Profesores propón desenvolver dentro dos contratos – programa a actuación “Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros educativos”

ENQUISAS DE CONVIVENCIA

Realizadas enquisas ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º curso sobre convivencia escolar, cuxos gráficos se achegan no documento adxunto, extráense as seguintes conclusións:

1.- Do primeiro gráfico despréndese que non hai dúbida do bo ambiente que hai entre o alumnado. Tamén esa relación é boa entre Mestres e alumnos, sen chegar a ser moi boa.

2.- Nunha primeira análise da situación de convivencia no centro dedúcese que hai insultos entre os alumnos; xa non está tan claro que existan outros comportamentos como pegar, maltratar, non querer xogar cun grupo, quitar cousas...

3.- Respecto do material escolar destaca a opinión de que xeralmente cóidase o material , especificando que se respecta o material do colexio, os materiais doutros nenos ou as instalacións do centro. No entanto parece que se detecta que ás veces tirase lixo ao chan.

4.-Analizando unha serie de comportamentos contrarios á convivencia e a frecuencia con que se producen, observamos o seguinte:

Dentro da aula por regra xeralo os alumnos/as atenden ás explicacións, obedecen e respectan ao mestre, non se negan a facer as tarefas da clase, non ridiculizan, nin provocan nin insultan ao mestre, non entran e saen da clase sen permiso.

5.- Sobre comportamentos contrarios as normas de convivencia cabe resaltar que non sucede o roubo de cousas ou materiais, tampouco se senten obrigados a facer cousas que outro non quere

Ás veces parece que suceden estes comportamentos: agresións físicas, tratos negativos cara outra persoa, insultos, poñer motes e dicir mentiras dun compañeiro. A reacción dos alumnos ante estes comportamentos é intentar que fagan as paces ou pedir axuda a un adulto. Este tipo de comportamentos soe darse nos baños, nos arredores do colexio, a miúdo no recreo, ás veces nos corredores e no transporte escolar e nunca na clase.

Entre eses comportamentos parece que se repite o de insultar e as ameazas, tratos negativos cara outra persoa están ao 50%. Os alumnos que sofren este tipo de comportamentos soen defenderse ou senón piden axuda a os amigos, a un adulto do colexio e en menor medida aos familiares.

Os alumnos non recoñecen que participen neste tipo de comportamentos

Parece que ante estas situación non teñen claro a quen pedir axuda, aínda que prefiren case por igual pedir axuda ao titor/a ou a outro mestre.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias, cohesivas e pacíficas.

A execución deste plan non tería sentido se non partise da implicación e consenso da comunidade educativa, dende o profesorado, alumnado e familias, ata chegar ás distintas administracións.

Por parte do profesorado, a implicación debe vir dada polos acordos á hora de determinar que pautas de intervención queremos seguir para alcanzar os compromisos e obxectivos que nos propoñemos. Parece fundamental que sexamos capaces de coordinar e apostar como conxunto, para poder asentar as bases e, dese xeito, conseguir ditos obxectivos. Temos que ter unha actitude aberta ao consenso e á busca colectiva de solucións ás dificultades. **O alumnado non pode recibir contradicións por parte do profesorado.**

Con respecto ao alumnado, debemos lograr unha alta participación do mesmo, non como meros espectadores, senón como verdadeiros partícipes da comunidade educativa. Debemos facelos responsables de tarefas tipo:

- Participación e revisión das normas de convivencia.
- Participación en festas e actividades do centro, colaborando na súa organización
- Outras

Ás familias debemos insistirlle na importancia da súa colaboración, promovendo a súa participación a través dos canles dos que dispoñen (ANPA, Consello Escolar,...), a súa formación e interrelación (Oferta de actividades formativas, participación nas complementarias que se desenvolven no centro, etc), e sobre todo no seguimento do proceso educativo dos seus fillos/as (relación fluída cos titores, información sobre o desenvolvemento de hábitos de estudo, normas de comportamento,...).

OBXECTIVOS XERAIS.

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

DO PROFESORADO

1. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos/as e profesores/as (Plan de acollida, plan de adaptación de alumnos/as de 3 anos).
2. Coñecer e valorar as características de cada grupo de alumnos/as, principalmente por parte do titor e do/a orientador/a e así como tamén por parte dos outros profesores/as que imparten docencia nese grupo.
3. Contribuír á formación integral do alumnado seguindo os principios de tolerancia, igualdade, respecto, paz e solidariedade: proporcionar ao alumnado ferramentas prácticas para a detección e resolución de conflitos.
4. Promover a implicación das familias na educación dos seus fillos/as e a súa participación en actividades organizadas polo centro.
5. Establecer canles de contacto coas familias para que sexan coñecedora das actuacións establecidas no centro en relación coa convivencia democrática, considerada como un elemento crucial na formación dos seus fillos/as.

DO/A ORIENTADOR/A

1. Orientar ao profesorado do centro para a planificación e valoración de actividades que axuden a previr e a resolver os conflitos de forma pacífica e consensual.
2. Colaborar coa Comisión de Convivencia para analizar e resolver os posibles conflitos en busca dun clima adecuado de convivencia no centro.
3. Establecer contactos con organismos e institucións da contorna para demandar a súa colaboración na resolución dos problemas de convivencia no Centro.

DO ALUMNADO

1. Coñecer as normas do Plan de Convivencia do Centro.
2. Sensibilizalos para que o seu papel no recoñecemento e control dos conflitos de convivencia no centro sexa activo e colaboren á hora de evitalos.
3. Implicalos na resolución de conflitos a través da comunicación e o consenso.
4. Desenvolver habilidades sociais que favorezan as relacións interpersoais.

DAS FAMILIAS

1. Participar nos procesos de prevención de conflitos e tomar conciencia da importancia de prever condutas violentas nos seus fillos.
2. Asistir ás reunións que se convoquen dende o Centro.
3. Colaborar co centro na busca e relación dos organismos externos que participen na consecución dos obxectivos do Plan de Convivencia.

DO CENTRO

1. Favorecer unha boa convivencia e a solución dialogada e construtiva dos conflitos implicando nesta tarefa ao profesorado, o alumnado e as familias.
2. Establecer canles e procedementos de participación dos distintos compoñentes da comunidade educativa nas actividades do colexio e na xestión da convivencia no mesmo.
3. Dar a coñecer á comunidade educativa o Plan de Convivencia e promover a súa colaboración nel.
4. Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e positiva, a través do diálogo.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A Comisión de convivencia trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado de convivencia no centro, propoñer e, de ser o caso, deseñar estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

A comisión de Convivencia deste centro, tal e como se recolle no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro) quedou constituído na reunión extraordinaria do Consello Escolar celebrado o 28 de xaneiro de 2015 polos seguintes membros:

- Rosa Ferreira Castro (Directora)
- Orientadora. Provisional cada ano
- Begoña Ansedes Domínguez (representante do profesorado)
- José Luna Sanmartín (representante do profesorado)
- Beatriz Gómez Rey (Representante dos pais/nais)
- Manuel Ferreiro Cabaleiro (representante do persoal non docente)

Estarán abertos á participación no mesmo o profesorado titor relacionado co tema que se analice e os profesionais de sanidade ou servizos sociais que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Esta comisión de convivencia terá como funcións principais:

1. Elaborar e dinamizar o Plan de Convivencia do centro.
2. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
3. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a

igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

4. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
5. Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
6. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
7. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
8. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
9. Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

O PROFESORADO

En cada aula o titor/a e resto do profesorado que imparte clases en cada grupo creará un CLIMA ESCOLAR que favoreza a convivencia baseada nos seguintes elementos:

AMBIENTE ORDENADO E TRANQUILO

As normas son o principal instrumento que utiliza un profesor ou un centro educativo para establecer os límites que se consideran oportunos.

As normas deben ser explícitas e a súa efectividade depende dos seguintes requisitos

- Deben ser poucas claras e coherentes, coñecidas e asumidas desde o primeiro momento polos alumnos/as.

- Deben estar formuladas en positivo.
- Teñen que ser cumpridas.
- Os criterios de actuación, no caso de que estas normas non se respecten, deben estar ben claros.

RELACIÓNS DENTRO DA AULA

- Actitude positiva do profesorado cara o alumnado e viceversa
- Relacións entre os alumnos con comunicacións e comportamentos relaxados.

ACTITUDES DE TRABALLO NA AULA

No grupo haberá unha atmosfera orientada cara a aprendizaxe.

Para lograr estas condicións na aula faise necesario que o estilo docente sexa **DEMOCRÁTICO-DIRECTIVO** tendo sempre en conta os seguintes requisitos:

- Establecer límites nas primeiras semanas de curso, e mantelos durante o curso.
- Dispoñer normas efectivas de convivencia que regulen os comportamentos máis frecuentes e importantes.
- Manter unha relación de empatía e confianza cos alumnos..
- As normas que se establezan a ser posible serán consensuadas cos alumnos/as
- Artellar cos alumnos a relación de reciprocidade, con especial incidencia no respecto mutuo.
- Detectar subgrupos que non cumpran as normas e reconducir a súa actitude
- En caso necesario aplicaranse técnicas de resolución de conflitos
- Coidarase o aspecto da AUTOESTIMA PERSOAL de cada alumno/a
- Aplicaranse estratexias metodolóxicas que promovan a cooperación e os traballos en grupo

EN RESUMO O MESTRE/A DEBE SER EDUCADOR EN SENTIMENTOS, AFECTOS, ACTITUDES E VALORES

O/A ORIENTADOR/A

O/a orientador/a colaborará en todas as actuacións relacionadas co plan de convivencia.

Asesorará ao profesorado, familias e alumnos/as sempre que demanden a súa intervención.

Activará o desenvolvemento de programas de habilidades sociais, resolución de conflitos e control emocional.

Facilitará documentación, se lle é requirida.

Desenvolverá programas relacionados coa resolución pacífica de conflitos sempre que se considere necesario.

Elaborará propostas que impliquen ao centro para mellorar a convivencia entre o alumnado.

Dinamizará as medidas que incidan na mellora da convivencia nos centros e na promoción de condutas tolerantes.

O EQUIPO DIRECTIVO

Unificar criterios do profesorado na dinámica de convivencia do Centro.

- Dedicar tempo en reunións de claustro a temas relacionados coa convivencia.
- Potenciar o desenvolvemento de programas de resolución de conflitos, dinámica de grupos e habilidades sociais.
- Desenvolver os programas de acollida en xeral e de adaptación na etapa da educación infantil.
- Favorecer canles de comunicación entre os distintos sectores da Comunidade Educativa.
- Potenciar xornadas de convivencia entre o Centro e outras institucións.

3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras

i. Actividades do plan de acollida

PLAN DE ACOLLIDA

O TRABALLO NA ESCOLA DEBE SER ENTENDIDO DENDE UNHA PERSPECTIVA INTERCULTURAL, QUE TEÑA EN CONTA A DIVERSIDADE CULTURAL BUSCANDO TODO O ENRIQUECEDOR QUE ESTE FEITO TEN.

Este plan ten como finalidade constituír unha acción específica ante o incremento de poboación escolar procedente da inmigración e ante a aparición de novas formas de

exclusión social. O obxectivo é realizar unha axeitada integración educativa, social e cultural de todo o alumnado, independentemente da súa orixe e condición.

ACTUACIÓNS DAS QUE PARTE O CENTRO

- ❖ O alumnado que procedente dun sistema educativo estranxeiro, se vaia incorporar á Educación Primaria, non necesita realizar trámites de validación dos seus estudos previos. O centro español no que vaia continuar os seus estudos determinará o curso que lle corresponde, segundo a normativa aplicable ao respecto.
- ❖ A documentación e formalización da matrícula, así como os criterios de admisión, farase conforme aos prazos, instancias e normas que rexen o funcionamento do centro.
 - A documentación a entregar para formalizar a matrícula será: solicitude extraordinaria de admisión, certificado de empadramento municipal, DNI de ambos proxenitores, Libro de Familia, Pasaporte do/da menor, datos académicos.
- ❖ Os/as alumnos/as do 5º ou 6º cursos de Educación Primaria que procedan de fóra de Galicia, e que non residiran con anterioridade nela, poden quedar exentos temporalmente da cualificación das probas de avaliación na materia de Lingua Galega, por un máximo de dous cursos escolares consecutivos. A exención solicitarase para cada ano académico e os seus efectos limitaranse ao citado ano. (Orde do 10 de febreiro de 2014)
- ❖ Unha vez admitido o alumnado procedente do estranxeiro, realizarase a avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ao sistema educativo, segundo o establecido nos artigos 13 e 17 da Orde do 27 de decembro de 2002 para determinar as súas necesidades educativas que poden ser:
 - a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.
 - b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
 - c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

- ❖ De ser o caso, correspóndelle ao departamento de orientación a realización da avaliación psicopedagóxica correspondente.
- ❖ As medidas de atención específica poden ser de dous tipos:
 1. Curricular que afectan ao ensino (reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilización de idade)
 2. Organizativo:
 - Grupos de adquisición das linguas
 - Grupos de adaptación da competencia curricular
- ❖ Todo/a alumno/a que se incorpore ao centro, así como a súa familia debe coñecer:
 - Curso ao que se incorpora.
 - As medidas de atención específica, no caso de que se adopten.
 - Que materiais corresponde ao curso.
 - O horario e o calendario escolar.
 - O sistema de avaliación e de comunicación as familias.
 - Quen é o profesor titor ou profesora titora.
 - O material escolar básico (información de axudas ou becas segundo o nivel).
 - Normas xerais de convivencia e comportamento : NOFC
 - As informacións sobre a forma na que se desenvolven as actividades extraescolares e complementarias.
 - Explicación sobre o tipo de centro ao que acoden os seus fillos/as e os órganos de goberno (directora, secretaria, xefa de estudos), participación (consello escolar e claustro) e de coordinación (equipos de ciclo, actividades extraescolares...)
 - En canto aos servizos complementarios, teremos presente que todo o alumnado dos Centros públicos de niveis de ensino obrigatorio que teñan o seu domicilio a unha distancia do centro superior a dous quilómetros, teñen dereito a transporte escolar. Asemade os alumnos poden ser usuarios do comedor escolar para o que os seus titores legais deben cumprimentar unha ficha de inscrición facilitada pola ANPA do Centro (organismo que xestiona o comedor escolar)

- Terán acceso á gratuidade dos libros de texto, nos niveis e nas mesmas condicións que o resto do alumnado, así como ás axudas para libros e outros materiais que convocan as administracións.

OBXECTIVOS

1. Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
2. Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao centro.
3. Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
4. Fomentar actitudes de respecto cara estes alumnos e alumnas e facilitar o proceso da súa integración
5. Ofrecer un recoñecemento e unha valoración positiva da súa cultura incorporándoa a escola.
6. Potenciar o intercambio e a interrelación
7. Vivir a diversidade como un aspecto que posibilita o enriquecemento mutuo.

MEDIDAS DE ACTUACIÓN

- ❖ O equipo directivo porá especial coidado nalgúns pequenos detalles no proceso ordinario de matriculación para que se traduza nun verdadeiro momento de acollida (información sobre o sistema educativo español, cuestións de organización do centro, existencia de servizos sociais do concello...)
- ❖ Se descoñecen as dúas linguas oficiais da nosa comunidade, facilitaráselle esta información por escrito, preferiblemente traducida ao seu idioma.
- ❖ Explicaráselle as familias o funcionamento do centro e cubrirase xunto con eles o modelo de solicitude de admisión.
- ❖ A orientadora procederá a recoller unha información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa, situación laboral e familiar, ...
- ❖ Escolarizarase ao alumno/a no curso que lle corresponde pola idade.
- ❖ A través da avaliación inicial e da avaliación psicopedagóxica determinaranse as necesidades educativas e as medidas tanto de tipo curricular como organizativo pertinentes

❖ O profesor/a titor/a recibirá ao neno o primeiro día de clase atendendo aos seguintes aspectos:

- Programará en colaboración co departamento de orientación unhas actividades de acollida.
- Atenderao tanto na clase como nos períodos de recreo e nas entradas e saídas.
- Proporcionaralle unhas pautas de traballo e unhas normas de convivencia e comportamento para que as vaia incorporando pouco a pouco.
- Ensinaralle os espazos da aula e os espazos comúns.
- Co alumnado que non coñeza ningunha das linguas oficiais, buscaremos a comunicación doutro xeito, dirixíndonos a eles con mensaxes claras e contextuais, axudándonos de gráficos, imaxes ou algún xesto:
 - ✓ Debemos darlle un bo modelo lingüístico.
 - ✓ Evitaremos que estea incomunicado moito tempo.
 - ✓ Non daremos por boas as frases incorrectas .
 - ✓ Colaboraremos todos no tema da pronuncia.
 - ✓ Procuraremos que o novo alumno/a se esforce na comprensión.
- Ambientará a aula de forma que facilite a aprendizaxe: murais, imaxes...
- Comunicaralle aos pais/nais as medidas que se estableceron para o seu fillo/a
- Programará actividades encamiñadas ao coñecemento e enriquecemento común de ambas culturas.

Todos os que chegamos á escola vimos dunha diversidade vivida e condicionada, chegamos cunha visión particular do mundo, uns medios económicos concretos, unhas ideas políticas, éticas e relixiosas e todo isto dentro dunha cultura concreta, determinada pola familia e polo lugar onde vivimos (pobo, cidade, nacionalidade...)

A ESCOLA É O FORO ONDE SE REÚNEN TODAS AS CULTURAS DOS INTEGRANTES
COMUNIDADE ESCOLAR

PLAN DE ADAPTACIÓN DOS ALUMNOS/AS DE TRES ANOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Orde do 3 de outubro de 2000(DOG do 2 de novembro): “O profesorado de Educación Infantil elaborará un plan de adaptación destinado ao alumnado que se incorpore por primeira vez ao Centro”

No equipo de E.I. planifícase unha serie de medidas organizativas e pedagóxicas, destinadas a favorecer a adaptación do neno/a ao noso Centro.

Realizarase reunións e entrevistas coas familias, así como a planificación do período de adaptación que comprende a incorporación graduada e cun horario reducido e progresivo dos alumnos/as de tres anos.

O tratamento que lle damos aos nenos/as que veñen por primeira vez ao centro empeza ao rematar o curso anterior a súa escolarización. No mes de xuño convócanse aos pais/nais ou titores legais dos alumnos de nova incorporación a unha reunión coas titoras e coa dirección do centro , na que se tratarán os seguintes aspectos:

ORGANIGRAMA DO CENTRO

CALENDARIO ESCOLAR PARA O NOVO CURSO ACADÉMICO

HORARIO DE ATENCIÓN A NAIS E PAIS

XORNADA ESCOLAR

ASISTENCIA Á CLASES

PARTICIPACIÓN DOS PAIS NA VIDA DO CENTRO

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Asemade nesa reunión facilítase as familias os seguintes documentos:

- “Cuestionario para determinar a lingua materna do alumno/a” (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia)
- Autorización para a emisión de fotografías
- Autorización para a publicación da imaxe do alumno/a no recurso educativo en liña/pax web do Centro.

FASES E ACTUACIÓNS

1. O esforzo que supón a entrada á escola (nova situación, novas persoas, espazos diferentes...) Ten que ser unha tarefa compartida entre todos: familia, escola, profesorado e nenos/as
2. Folleto informativo cunha serie de recomendacións que teñen como obxectivo orientar nas intervencións das familias co seu fillo/a durante o mes de setembro para que vaian interiorizando hábitos, control de esfínteres, hixiene, horarios, descanso....
3. Exposición do período de adaptación:

Co fin de evitar cambios bruscos na vida dos nenos/as, faranse grupos pequenos seguindo os criterios que o profesorado considere máis axeitado:

- Equilibrio entre nenos e nenas
 - Idade segundo a data de nacemento
 - Integración (como se adapta, chora, cústalle separarse ao despedirse, etc
 - Orde alfabética
4. Horario reducido e progresivo ampliando o tempo de permanencia do neno/a no Centro
 - No mes de setembro levarase a cabo o período de adaptación cun horario establecido, empezando nas entradas cun número de nenos/as escalonado segundo criterio das titoras.
 - O educador debe:
 - Adecuar espazos.
 - Dispoñer de xoguetes e recursos materiais.
 - Transmitirlle aos nenos/as seguridade, afectividade, cordialidade, etc.

No mes de setembro haberá unha segunda reunión conxunta coas familias dos novos alumnos/as, antes do comezo das clases, na que se explicará máis polo miúdo o período de adaptación do alumnado e concretarase cales son os alumnos que comezarán e o horario a cumprir.

O proceso de adaptación remata no mes de setembro. A partires desta data todos os nenos/as deberán estar integrados na aula e no Centro asistindo xuntos ás clases e cun horario completo.

PLAN DE INCLUSIÓN DO NOVO DOCENTE NO C.E.I.P. DO FOXO

Para que un plan de inclusión do profesorado novo?

Os centros educativos, se de verdade pretenden funcionar dende unha filosofía de inclusión, deben contar con procedementos que permitan dar oportunidades de participación a cada un dos membros da comunidade educativa: alumnos, familias e profesores.

Cando un novo alumno chega ao noso centro, cambia de etapa ou de ciclo, actívase un plan de benvinda e acollida para el/ela e a súa familia, isto é, póñense en marcha unha serie de actuacións xa establecidas no Proxecto Educativo e que foron acordadas polo claustro de profesores a fin de que alumnos e familias se sintan a gusto dende o primeiro momento cos seus novos compañeiros e profesores.

Sen embargo, cando un profesor/a se incorporaba a principios de curso ou unha vez iniciado este, non existía ata o momento ningunha planificación da súa acollida. Non se trata dunha debilidade exclusiva do noso centro, senón que afecta á maioría dos colexios, onde ás veces dita actuación está contemplada no Proxecto Educativo pero de maneira moi xenérica ou si se fai pero non moi planificada ou non se avalía. Sen embargo, a máis moderna literatura científica (Ainscow y Booth no documento "Index for inclusion", por exemplo) inclúe a acollida de novos docentes como un dos items a avaliar dentro do proceso de inclusión dun centro.

A mobilidade do profesorado non é tan elevada no noso centro coma noutros, pero aínda así dous ou tres profesores/as (máis as baixas que se teñan que cubrir) chegan cada novo curso debendo adaptarse a novas formas de organización, de traballo, novas normas, novos costumes... Todo isto pode ser case un caos se este comezo non se realiza de maneira planificada.

O documento que presentamos a continuación é o "Plan de acollida do CEIP do Foxo". Dito documento foi aprobado polo Claustro de Profesores por unanimidade na súa sesión do 22 de OUTUBRO de 2012, tras un proceso de estudo en consulta no que participou todo o profesorado do centro.

Os obxectivos deste plan son os seguintes.

- Favorecer a rápida integración dos novos profesores no noso colexio.
- Dar a coñecer aos novos profesores o plan educativo do centro, a súa normativa e funcionamento.
- Dar a coñecer aos novos profesores as características do grupo/s de alumnado co que ten que traballar.
- Favorecer un clima de traballo positivo entre todo o profesorado.
- Poñer en práctica os valores da "escola inclusiva", onde todos os involucrados se fan responsables de todos, é dicir, toda a comunidade educativa asume o coidado e acollida dos seus integrantes.
- Propiciar a participación de todos os membros da comunidade educativa, entre eles os novos profesores.

PROCEDEMENTO

1. PRESENTACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

1.1. O novo docente é recibido polo Secretario/a do centro

1.2. O Secretario o acompaña ata a dirección onde é atendido polo Director/a.

1.3. O Director/a dálle a benvida e lle explica que dende ese momento vaise activar o plan de acollida de novos profesores (lle explica en que consiste, que terá que facer o docente e con quen). Preséntalle ao Xefe/a de Estudos e dille que ao final da xornada haberá unha sesión de presentación ao resto do Claustro na sala de profesores..

2. ENTREGA DO "DOSIER DE DOCUMENTACIÓN PARA NOVOS PROFESORES DO CEIP DO FOXO"

O Director/a faille entrega do "Dosier de documentación para novos profesores do CEIP do Foxo", unha carpeta que contén os seguintes elementos:

- Pen-drive/DVD ou similar con toda a información dixitalizada.
- Plano do centro, onde se marca a súa aula, saída de emerxencia e dependencias

principais.

- Datos básicos do centro: tipo de centro, alumnado, profesorado, servizos (transporte, extraescolares...) datos de contacto, web, blogs ou similares, revista do centro, funcionamento da biblioteca, ANPA...
- Normativa do centro: Proxecto Educativo, NOF, Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial, Plan TIC, Plan de Atención á Diversidade, proxectos que se levan a cabo no centro, normativa de patio (portas de saída e entrada, procedemento, vixilancia, permiso para ir ao baño, xoguetes permitidos, reparto das zonas de xogo, existencia ou non de caderno de incidencias...)
- Materia con que conta o profesor: material de aula, TIC, ...
- Orzamento para o profesor
- Clave da WIFI, dos ordenadores, da fotocopiadora...
- Chaves que se precisan e a quen llas pedir.
- Horarios: de alumnado e profesorado (exclusiva, reunións, patio: cando, onde, como...)
- Entradas e saídas de alumnado: portas de saída e de entrada, horarios, funcionamento do timbre, acompañamento do alumnado polos titores, control da asistencia e puntualidade dos alumnos, acceso dos pais e nais
- Formas de comunicación familia-escola: horarios de tutoría, existencia ou non de caderno do alumno, formularios de notas para os pais, horarios de atención telefónica aos pais...
- Formularios habituais do centro, circulares... (un exemplar de cada)
- Listaxe do grupo de alumnos do que será responsable (nomes, fotos, datos de contacto, enfermidades, características a salientar...)
- Listaxe de profesorado e persoal non docente: áreas que imparten, cursos, se son titores ou non, se son responsables doutra cousa ou teñen algún cargo distinto, onde

está o profesorado cando ten horas libres...)

- Procedemento a seguir en caso de urxencia médica
- Procedemento a seguir se hai que dar un aviso a algún alumno ou tomara algunha medida derivada dalgunha falta cometida polo alumno/a
- Procedemento a seguir en caso de que se precise material
- Procedemento a seguir nos cambios de hora, se hai que recoller ao alumnado e onde
- Funcións do persoal non docente do centro
- Taboleiros do centro e tipo de información que conteñen
- Representantes sindicais
- Outras informacións de interese: onde se pode comer (no centro e no contorno, como chegar ao centro por coche e bus, onde aloxarse, onde tomar café, vida cultural do contorno...)

3. CUMPLIMENTACIÓN DA "FICHA DO PROFESOR"

3.1. O Director/a acompaña ao profesor a Secretaría, onde cubre a ficha en Secretaría cos seus datos básicos.

4.- TOUR POLO CENTRO, co Director/a

5.- ENCONTRO CO CLAUSTRO DE PROFESORES.

5.1. O director leva ao novo profesor/a á Sala de Profesores onde é presentado ao resto dos compañeiros. Dita xuntanza será preferentemente no recreo xa que hai máis tempo e é máis distendido. Pódese planificar unha xuntanza máis formal, por ciclos ou con todo o conxunto de profesores.

6.- PROFESOR MENTOR

6.1. Ao profesor novo asignáselle un profesor-mentor que o acompañe durante o primeiro mes. Fará a función de titor, resolveralle pequenas dúbidas que lle poidan ir xurdindo. Este profesor será preferiblemente un profesor do mesmo ciclo.

7.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA.

7.1. Unha vez rematados todos os pasos, a Secretaria faille entrega da enquisa de avaliación do plan de acollida (grao de satisfacción e funcionalidade da información presentada), que o docente deberá entregar nun prazo de 2 días.

ITEMS A VALORAR	PUNTUACIÓN Do 1 ao 10
A información que recibín ao chegar ao Centro foi suficiente	
No momento da incorporación sentínome benvido	
As reunións dos equipos proporcionan información útil	
Recibín suficiente información sobre o grupo de alumnos e as áreas a impartir	
Considero que existe un bo ambiente de traballo	
O profesor- mentor facilitoume a inclusión no Centro	
Conto coa colaboración doutros Mestres do Centro	
Conto coa colaboración dos membros do Equipo docente	
Dispoño de materiais e recursos suficientes para realizar o meu traballo	

ii. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.

Potenciación de rutinas de tipo emocional (saúdos, agradecementos, pedir por favor, mostrar preocupación) nas que se precisen intercambios verbais cos compañeiros.

Traballo en pequeno grupo.

Actividades de dinámica de grupos.

Xogos e actividades que fomenten o traballo cooperativo.

Actividades que fomenten as actividades sociais nos alumnos e alumnas.

Utilización de dramatizacións e situacións naturais para ensinar a pórse no punto de vista do “outro” e para expresar emocións e sentimentos (Voluntariado de Lectura). Tamén de

situacións nas que saes prexudicado e tes que formular algunha queixa. Reflexionamos sobre a maneira de expresar as queixas e aceptalas.

Dar oportunidades para tomar decisións consensuais.

Fixación dos seus propios obxectivos e de mecanismos de auto-responsabilización.

Reforzo positivo do esforzo, a participación e a cooperación.

Debates sobre acontecementos da actualidade que axuden a resolver conflitos da clase.

Actividades de animación nas que os alumnos poidan desenvolver unha percepción de si mesmos, realista, vendo as súas capacidades e debilidades en relación ás habilidades necesarias para desenvolverse en situacións académicas, sociais, persoais e de relación cos demais.

Posta en práctica nas actividades do Centro de valores de respecto ao compañeiro e ao adversario nos xogos de oposición, saber gañar e perder.

Reflexión sobre as palabras adecuadas para facer cumpridos, para responder a eles e expresar como se senten ao dalos e recibilos.

Reflexión acerca da importancia da cooperación á hora de realizar actividades e tarefas.

iii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Charlas informativas sobre coeducación e identidade de xénero.

Organizar algunha charla informativas dirixidas a todos os alumnos e a toda comunidade educativa, en xeral, coa finalidade de promover a igualdade entre nenos e nenas, entre mulleres e homes.

Hai a posibilidade de solicitar a presenza no Centro dalgunha persoa cunha traxectoria importante neste tema, ou dunha persoa especialista en literatura non sexista como alguén responsable da edición da Guía de Literatura Infantil e Xuvenil (GALIX) que ten como destinatarios aos mediadores e mediadoras.

Os seus obxectivos serían:

- Destacar obras en que os nenos cumpren un papel activo e senlleiro.
- Sinalar narracións en que tanto as cativas como os cativos se ven liberados dos roles de xénero máis estereotipados.
- Reflectir textos en que o maltrato e a violencia, en calquera das súas formas, son claramente condenadas ou se establece unha reflexión profunda a partir delas.
- Valorizar os saberes tradicionalmente considerados femininos.
- Impulsar os valores de igualdade, paz e tolerancia a través da literatura
- Achegar outras culturas para que se coñeza a situación de nenas e mulleres en ámbitos diferentes ao europeo.

iv. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Crear un clima de diálogo e confianza continuo, para facelos participar da educación dos seus fillos.

Potenciar o compromiso das familias coas propostas que se fagan dende o Centro.

Xustificar obrigatoriamente as faltas de asistencia dos seus fillos.

v. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

Habilidades sociais:

Os programas de habilidades sociais favorecerán a adquisición dun conxunto de capacidades que permitan que o alumnado se desenvolva eficazmente nas súas relacións sociais.

No último curso de primaria vense desenvolvendo un programa de habilidades sociais organizado pola Concellería de Sanidade, Turismo e relacións institucionais do concello da Estrada e impartida por un psicólogo do Concello Este programa desenvólvese durante seis

ou oito sesións consecutivas e semanais. A metodoloxía que segue está baseada sempre en actividades dinámicas e participativas utilizando técnicas grupais.

Os obxectivos que se perseguen:

- Previr condutas de risco na adolescencia potenciando desde o contexto escolar o axuste psicosocial do adolescente.
- Aumentar e afondar a vinculación emocional e a comunicación positiva.
- Desenvolver estratexias e recursos eficaces para o afrontamento de situacións de conflito e para a resolución do mesmo.
- Fortalecer habilidades comunicativas.

Os contidos de cada sesión serán:

- **Introdución ás habilidades sociais**
 - Introducción ás habilidades sociais
 - Demostrar a súa utilidade
 - Establecer as normas do grupo
 - Aprender a identificar un problema
 - Xerar posibles alternativas de solución do problema
 - Configurar un plan para resolver o problema e tomar unha decisión
 - 5 pasos para tomar decisións e resolver problemas
- **Comunicación de forma asertiva**
 - Adquirir e practicar habilidades necesarias para a comunicación asertiva
 - Vivenciar os diferentes estilos de comunicación (agresivo, pasivo, asertivo)
 - Realizar ensaios de conduta coas distintas técnicas de comunicación asertiva
- **Medir as consecuencias dos feitos**
 - Prever as consecuencias das accións
 - Prever as reaccións dos outros ante un feito ou un dito
 - Exercitar o pensamento consecuencial, proxectando o pensamento cara diante, cara as consecuencias posibles dos feitos ou ditos, a curto e longo prazo.
- **Reforzar a autoestima**
 - Coñecer as propias capacidades e limitacións.

- Afrontar os sentimentos negativos
- Evitar hiperxeneralizacións
- Tolerancia á frustración
 - Amosar as fontes de presión
 - Ensinar novas reaccións á frustración: técnicas de relaxación, aprender a identificar, pedir axuda,. Reforzar accións apropiadas,...
 - Aprender formas alternativas de acadar os obxectivos.
 - Recoñecer as seis emocións universais.
 - Aprender a expresar os sentimentos da maneira máis axeitada no terreo persoal e social (positivos e negativos)
 - Manexar as emocións para configurar un carácter con boa adaptación social.
 - Recoñecer os propios sentimentos
 - Ter motivación, ilusión e interese
 - Recompensarse por se quen de manter o control

Habilidades sociais e resolución de conflitos desde o departamento de orientación

Desde o DO intervese cando se considera necesario para resolver unha conduta problema ou unha situación problema, que poida xurdir nun momento determinado. Trátase de colaborar co profesorado titor no desenvolvemento da competencia social e cívica, onde interveñen as habilidades sociais, que son as capacidades que permiten ao neno/a interactuar cos seus iguais e co seu entorno dun xeito socialmente aceptable. Estas habilidades desenvólvesen no día a día da escola desde as aulas.

Desde o DO pretendemos facilitar adestramento en condutas que favorezan a resolución de conflitos de forma pacífica: a escoita activa, saber defender a postura de cada un respectando os sentimentos da outra persoa, saber pedir perdón cando se comete unha falta...

Por outra banda hai condutas que non facilitan a resolución de conflitos como pode ser: insultos, ameazas, burlas... condutas que se dan pouco ou case nada na nosa escola.

Estas actividades que se propoñen neste plan son orientacións para traballar nas aulas, analizando e matizando cada situación para unha maior eficacia na intervención

OBXECTIVOS:

- Utilizar as habilidades sociais básicas no día a día.
- Favorecer as relacións sociais na escola, e por ende, fóra dela.
- Mellorar a asertividade dos nosos alumnos e alumnas.
- Proporcionar instrumentos prácticos para resolver conflitos na vida diaria.
- Dotar aos alumnos e alumnas de mecanismos de observación e análise de situacións problema.
- Promover nos alumnos e alumnas o desenvolvemento de habilidades de comunicación coma a escoita activa, expresión de sentimentos e asertividade.

METODOLOXÍA:

A situación de ensino-aprendizaxe organizase entorno a resolver unha situación real, con un conxunto de actividades, participativas e reflexivas, a través do diálogo e da comunicación positiva.

ACTIVIDADES:

- Actividades de resolución de conflitos baseándonos no libro de “La resolución creativa de conflitos, manual de actividades” onde se traballan a educación emocional e as habilidades sociais de xeito cooperativo, potenciando unha comunicación positiva, a tolerancia...
- Actividades de rol-play, onde se resolvan os conflitos que teñen entre eles, vendo puntos de vista diferentes.
- Visionado de vídeos de diferentes temáticas e posterior posta en común.

Trátase de que os nenos vaian aprendendo a saber falar sobre un problema e a entender as súas condutas e as demais desde o razoamento. Para o cal se traballan seis pasos.

1º Identificación do problema:

2º Causas:

3º Consecuencias:

- 4º Solución
- 5º Observación da propia conduta
- 6º Cambio da conduta(se fose necesario).

BIBLIOGRAFIA:

Kreidler, William J. La resolución creativa de conflictos, manual de actividades.

www.educastur.es (*Orientaciones a los padres para desarrollar habilidades sociales.*)

<http://www.apoclam.org/sites-proyectos/tutoria-en-primaria/index.html>

- **Tutoría entre iguais.**

Actualmente, o Centro non conta cun programa de tutoría entre iguais .

Hai pequenas colaboracións que se levan a cabo entre os alumnos maiores e os máis pequenos referidas a: cambio de nivel, lecturas compartidas, formación de usuarios na biblioteca, axudas específicas nas aulas mixtas, de ser o caso,.. .

Asemade o alumnado dos cursos máis altos axudan no servizo de transporte escolar aos alumnos máis pequenos.

- **Mediación escolar:**

A mediación escolar é unha técnica que se emprega para resolver conflitos que se presentan na convivencia escolar na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas (D.8/2015- Art. 26)

Cando xorde un problema entre dous alumnos/as, pódese optar por solucionalo mediante a mediación. Haberá un compañeiro/ compañeira que axude a que ambas partes dialoguen e atopen unha solución.

A mediación debe ser:

- Voluntaria. As partes en conflito deben aceptar someterse a este proceso.

- Confidencial. A mediación realizada en calquera conflito terá carácter confidencial e non será obxecto de publicidade algunha sobre os acordos conseguidos e a maneira de chegar a eles..
- Imparcial. A persoa mediadora manterá a imparcialidade ante as partes, velando polo interese das mesmas para chegar a un acordo xusto para ambas partes.
- Intervención persoal. É un proceso no que as partes en conflito han estar presentes na mediación, xunto á persoa mediadora para chegar a acordos.

A mediación pode aplicarse:

- **Antes** do conflito, como estratexia preventiva, alternativa á sanción.
- **Despois** do conflito, como complemento da sanción, como estratexia de reparación ou conciliación, co obxectivo de restablecer a confianza entre as persoas e evitar a reincidencia

1.- CONFLICTOS MEDIABLES

A mediación empregarase exclusivamente para abordar conflitos entre o alumnado. Os conflitos para mediar serán os de carácter persoal que teñen relación con: amizades deterioradas, faltas de respecto, rumores e malentendidos, espazos de xogo, discriminación, valores...

Un conflito non será mediable cando constituía unha falta que deba ser reconducida cunha medida disciplinaria ou cando non se cumpran os principios da mediación ou cando non se trata dun conflito interpersonal ou os temas non son negociables como por exemplo situacións de interrupcións na aula.

2.- TIPO DE MEDIACIÓN

Mediación vertical: É a forma máis sinxela. Está realizada polos docentes e o equipo directivo. Como mediadores examinan as percepcións e sentimentos que cada parte ten do problema, así como na busca das posibles solucións e na adopción de acordos que satisfagan mellor as necesidades das partes.

Mediación horizontal: é a mediación realizada entre compañeiros. O equipo é seleccionado entre o alumnado e recibirá unha formación específica para asumir esa tarefa.

Modelo de patio de recreo: Os alumnos mediadores adoitan levar unha prenda (banda no brazo, pañoleta,...) que os identifiquen como tales e organízanse quendas de tal xeito que cada día só algúns alumnos/as mediadores estarían activos.

3.- CREACIÓN DE EQUIPOS DE MEDIACIÓN.

Para ser un bo mediador é conveniente posuír unha serie de aptitudes:

- Potencial de liderazgo.
- Ser respectado polos seus compañeiros e inspirar confianza.
- Ter facilidade de palabra
- Ser paciente e manter a calma.
- Ter sentido do humor
- Ter iniciativa
- Estar disposto a comprometerse a formar parte do equipo de mediación durante todo o curso escolar.

Para constituír o equipo de mediación pódense empregar estes tres mecanismos diferentes:

- Os/as alumnos/as poden presentarse voluntarios
- Cada alumno/a propondrá a tres compañeiros que considere que poidan ser bos mediadores.
- Cada titor propón algúns alumnos do seu grupo.

Seleccionaranse aqueles alumnos que aparezan nos tres listados, aos que se lles fará unha enquisa.

As familias dos/as alumnos/as deben autorizar a súa participación para que pasen a ser, definitivamente, membros do equipo mediador. Para elo, remitiremos aos pais/nais unha carta explicando que é o programa de mediación, como se seleccionou ao seu fillo/a e as implicación de formar parte do equipo de mediador. Ademais, axuntaremos un documento, para que os pais o asinen como autorización que deberá arquivada no Centro.

O equipo de mediación estaría constituído por un número entre 2 e 4 alumnos dun curso intermedio, que despois dun período de formación en resolución de conflitos serán os encargados de mediar entre compañeiros

4.-ACTUACIÓN DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN

- Na aula:
 - Titorización: Axudar aos alumnos que presentan máis dificultades no proceso educativo e tamén actuarán no caso de incorporación á aula dun novo alumno.
- Na biblioteca:
 - Voluntariado de Lectura A, os alumnos de 5º e 6º curso efectúan un labor de voluntariado cuxo obxectivo primordial é titorizar a outros compañeiros de cursos inferiores para facilitar a súa formación como usuarios da Biblioteca Escolar. A metodoloxía que se segue é de traballo colaborativo e participativo
- No patio: Cando o equipo de mediación actúe no patio levarán un distintivo que os identifique. Algunhas das súas funcións serían:
 - Acompañar durante o tempo de recreo a aqueles alumnos que poidan estar solos. Esta mediación tamén se pon en práctica cando se incorpora ao Centro un alumno novo que será acompañado por un alumno do centro que sexa líder.
 - Organizar zonas de xogo dentro do patio de recreo. Unha vez ao mes estes alumnos serán encargados de distribuír os xogos no patio de recreo, organizarán grupos e despois serán os encargados de recollelos.

Vantaxes da mediación:

- O alumnado aprende que, de forma pacífica, e mediante o diálogo, se poidan resolver os problemas.
- Trabállanse valores como a participación, respecto, comunicación, entre outros moitos.
- O alumnado reflexiona sobre a súa conduta, observa as súas emocións e as do resto.
- Contribúe a ir eliminando as relacións de dominio e sumisión entre si.
- Crea no centro un ambiente máis relaxado e produtivo

- Contribúe a desenvolver actitudes de interese e respecto polo resto.
- Axuda a recoñecer e valorar os sentimentos, intereses, necesidade e valores propios e do resto.
- Aumenta o desenvolvemento de actitudes cooperativas no tratamento dos conflitos ao buscar conxuntamente solucións satisfactorias para as partes.
- Aumenta a capacidade de resolución de conflitos de forma non violenta.
- Contribúe a desenvolver a capacidade de diálogo e á mellora das habilidades comunicativas.
- Favorece a autorregulación a través da busca de solucións autónomas e negociadas.
- Diminúe o número de conflitos e, polo tanto, o tempo dedicado a resolvelos.
- Axuda á resolución de disputas de forma máis rápida
- Redúcese o número de sancións.
- Diminúe a intervención de persoas adultas, que é substituída pola de alumnos e/ou alumnas

vi. Aula de convivencia inclusiva.

(D.8/2015- Art. 25) A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que o alumnado sexa atendido nesta aula, garantindo o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 19 sinala que os centros crearán aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Por outra parte, sinálase no artigo 18 que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente. Tamén, se terá en conta a idade do alumno e as súas circunstancias persoais, familiares e sociais.

O obxectivo prioritario será que as alumnas e alumnos comprendan o alcance para si mesmos e para os demais das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a facerse cargo

das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais. Este proceso aumenta as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol, á vez que lles proporciona un espazo para a análise das súas propias experiencias e a busca dunha resolución efectiva de conflitos interpersoais. Polo tanto, esta aula pretende ofrecer tempos de reflexión ao alumnado e espazo inclusivo para a resolución de conflitos no centro.

1.- OBXECTIVOS DA AULA DE CONVIVENCIA

- a) Aportar ferramentas de negociación colaborativa que axuden a afrontar o conflito que lles levou á aula de convivencia de maneira non violenta.
- b) Facer que os alumnos e alumnas implicados no conflito sexan capaces de empatizar cos sentimentos e necesidades dos demais
- c) Achegar ferramentas de regulación e expresión de emocións que axuden a afrontar a ira de maneira asertiva.
- d) Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- e) Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- f) Resolver os conflitos de xeito pacífico dende o diálogo e a reflexión.
- g) Mellorar o clima de convivencia da aula e do centro en todos os espazos escolares: patios, corredores, biblioteca, aulas específica, salón de actos, pinacoteca, pavillón,...

2.- CARACTERÍSTICAS DA AULA:

- a) Terá unha dobre vertente, reflexiva e de traballo.
- b) Só se atenderá un alumno/a de cada vez. Excepcionalmente dous.
- c) O profesorado de garda será o responsable da aula, contando coa axuda do equipo directivo e a orientadora.
- d) O número de veces que un alumno poderá ser derivado á aula inclusiva será de dúas, agás que a xefa de estudos, o titor/a e a orientadora consideren o contrario.
- e) A xefatura de estudos será a encargada de decidir a derivación dun alumno á aula
- f) A derivación á aula incluirá tamén traballo de tipo familiar.
- g) O alumno acudirá á aula con material curricular actualizado, que será revisado e cualificado polo profesor titor ou polo profesor especialista.

- h) Para que se adopte esta medida será necesario que se teña constancia, como mínimo, de tres partes de incidencias.

3.- CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO.

O alumnado que é atendido na aula de convivencia é preciso que reflexione sobre os feitos e aprenda a valorar o privilexio que significa a educación universal e gratuíta, recoñeza a autoridade e a importancia do respecto cara o profesorado e cara os seus iguais, aprenda a respectar as normas de convivencia que están establecidas no Centro e se comprometa a rectificar a súa conduta.

O/A orientador/a valorará que actuacións son as máis adecuadas para realizar na aula cun alumno determinado en función da conduta contraria á convivencia do mesmo, para mellorar a súa actitude e comportamento, en relación a:

- Educación emocional
- Respectar as persoas que o rodean.
- Valores democráticos en relación ao respecto, igualdade, non discriminación, cooperación...
- Compartir cos demais
- escoitar para aprender
- Conservación do medio ambiente
- Redescubrir a solidariedade
- Pensamento alternativo e consecuencial

Asemade, cada mestre programará as tarefas a desenvolver dentro da aula de convivencia para garantir que o alumno continúe co seu proceso formativo. Estas tarefas estarán adaptadas as necesidades e características de cada alumno/a.

4-PROCESO DE INCORPORACIÓN A AULA DE CONVIVENCIA

1. A Xefatura de estudos convocará unha reunión coa orientadora e o titor/a do alumno/a.
2. Analizaranse as condutas, as medidas previas que se tomaron e as posibilidades que existen. Deixaranse por escrito as conclusións (*Ficha de envío á aula de inclusión*).

3. A Xefa de Estudos elaborará un informe indicando o motivo, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o alumno ou alumna.
4. Unha vez tomada a decisión de derivar ao alumno á aula inclusiva, seguiranse os seguintes pasos:
 - 4.1.- O titor/a comunicarlle á familia a decisión e pedirá a súa conformidade. Deben entender que o feito de que o alumno vaia á aula implica que eles adquiren o compromiso de colaborar e acudir ás sesións que se considere oportunas. Rexistro escrito (*Ficha de compromiso da familia*)
 - 4.2.-Unha vez que se teña a conformidade da familia, procédese a informar ao profesorado. A xefatura de estudos pedirá ao profesorado do grupo que faciliten material de traballo no prazo máximo de dous días. Este traballo será entregado na xefatura e colocado nunha carpeta co nome do alumno no ficheiro da aula (*Ficha de tarefas para o alumnado sancionado*)
 - 4.3.-A orientadora elaborará un programa específico de actividades de reflexión e resolución de conflitos.
 - 4.4.- A orientadora establecerá un horario no que se repartan horas de traballo das materias, horas de traballo sobre habilidades sociais e o tempo de recreo. Este horario colgarase no taboleiro da aula e na sala de profesores.
 - 4.5. A xefatura de estudos informará ao profesorado de garda dos días de inicio e fin da estancia do alumno na aula.
 - 4.6.- Previamente á incorporación do alumno á aula, a orientadora reunirse con el e coa familia.
 - 4.7.- O profesor de garda acudirá á aula na hora que lle corresponda. Consultará no horario as actividades a realizar e instará ao alumno a realizalas. Ao remate da hora, fará constar na folla de seguimento as actividades realizadas e a actitude do alumno (*Rexistro de control de asistencia do alumnado*).
 - 4.8.-A orientadora acudirá á aula nas horas asignadas ao traballo sobre habilidades sociais. Tamén establecerá horas de traballo coa familia (*Ficha de auto-observación e compromiso I e II*)

4.9.- Ao rematar o tempo que o alumno tiña que pasar na aula, reuniranse o titor, a orientadora e a xefatura de estudos para analizar o desenvolvemento da medida.

(Ficha de seguimento do alumnado da aula inclusiva)

4.10.- O proceso anterior realizarase tamén co alumno e coa familia

5.- FUNCIONAMENTO E PERSOAS RESPONSABLES

Para a creación da aula de convivencia deberá contarse cun número suficiente de profesores e profesoras que pola súa disposición horaria e/ou dispoñibilidade se encargue da atención educativa do alumnado que asista á mesma. Sería desexable que na medida do posible esta aula estivera atendida polos profesores titores nas horas que teñen establecidas de gardas, dinamizacións, coordinacións... (de non docencia directa). No entanto tamén deberán colaborar na atención desta aula o profesorado de garda, a/o orientador e o equipo directivo.

Nomease á Xefa de Estudos como persoa responsable da coordinación de tódalas actuacións realizadas polas persoas responsables da Aula, así como de reunir toda a información para a súa comunicación aos Equipos Educativos, ao Departamento de Orientación e ao titor ou titora.

Esta persoa encargárase, igualmente, de recoller os materiais que cada alumno debe traballar durante a súa estancia nesta aula.

6.- HORARIO. INSTALACIÓNS. MATERIAL DIDÁCTICO

O horario da aula de convivencia coincidirá co horario lectivo normal. No entanto, valorarase a conveniencia de cambiar o horario de recreo.

O alumno permanecerá nesta aula como máximo 3 días, en función da gravidade da conduta a corrixir e da resposta que amose o alumno. Esta decisión será tomada por consenso entre a Xefa de Estudos, a Orientadora e o titor/a.

A localización da aula estará na primeira planta pola súa accesibilidade e pola súa dispoñibilidade. A aula estará dotada de materiais e recursos que favorezan desenvolvemento das tarefas programadas.

O material didáctico será aportado polo profesor titor e polo Orientador.



AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Ficha de envío á aula de Inclusión

DATOS DO ALUMNO	
Apelidos:	Nome:
Curso:	

MOTIVOS POLOS QUE SE ENVÍA (Describe o sucedido da maneira máis clara e precisa posible)

OBXECTIVOS DO ENVÍO

En O Foxo a de..... 201..

O/A titor/a

Vº e Pr. A Directora

Asdo./ _____

Asdo./ _____

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Ficha de compromiso da familia

D./D^a
Representante legal do alumno/a
Matriculado no ____ curso
En calidade de titor/a de dito alumno/a, comprométese a:

- Asistencia diaria e puntual do alumno/a ao centro
- Asistencia ao Centro cos materiais necesarios para as clases
- Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado
- Colaboración co centro para a modificación de conduta do alumno/a e seguimento dos cambios que se produzan.
- Entrevista semanal/quincenal/mensual co titor/a do alumno/a
- Colaboración para mellorar a percepción por parte do alumno do Centro e do Profesorado.
- Acudir ás sesións de reunión, que se consideren oportunas, relacionadas coa permanencia do alumno/a na aula de inclusión.
- Outros:**
O Foxo, a..... de.....de 20.....

O pai/nai/representante legal

Asdo./_____

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Ficha de auto-observación e compromiso I

DATOS DO ALUMNO	
Apelidos:	Nome:
Curso:	

Contesta con atención as seguintes preguntas:

- 1.- Que foi o que pasou?
- 2.- Cal foi a miña reacción?
- 3.- Que conseguín? E que mellorou a miña situación?
- 4.- como me sinto?
- 5.- Que podo facer para resolver este problema?
- 6.- a partir de agora, cal creo que é a maneira máis intelixente de actuar?

COMPROMISO

Para mellorar a miña actuación persoal, comprométome a: (pedir desculpas, reparar o dano, outras...)

O Foxo, a de..... de 20...

Sinatura do/a alumno/a

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Ficha de auto-observación e compromiso II

DATOS DO ALUMNO	
Apelidos:	Nome:
Curso:	

Unha vez teñas lido a ficha que cubriches a última vez, contesta con atención as seguintes preguntas:

- 1.- Escribe os teus compromisos da ficha "Compromiso I"
- 2.- De todo o que planificaras, que saíu mal? Por que?
- 3.- Que podes facer para que as cousas saian mellor? Ten en conta que a próxima vez terás outro tipo de corrección.

NOVO COMPROMISO

Para mellorar a miña actuación persoal, comprométome a: (pedir desculpas, reparar o dano, outras...)

O Foxo, a de..... de 20...

Sinatura do/a alumno/a



AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Registro de control de asistencia do alumnado

Data:		Día da semana:	
Sesión	ALUMNO/A	CURSO	PROFESOR/A DE GARDA
1ª			
2ª			
3ª			
Recreo			
4ª			
5ª			
6ª			

O Foxo, a de..... de 20.....

A Xefa de Estudos,

Asdo./_____

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Ficha de seguimento do alumnado da aula de convivencia

Nome e apelidos do alumno/a:
Curso:
Titor/a:
Data do seu paso pola Aula de Inclusión por primeira vez:
Motivo/s:

- Pide perdón e repara o dano causado? SÍ NON
- Mellora o seu comportamento unha semana despois? SÍ NON
- Mellora o seu comportamento dúas semanas despois? SÍ NON
- Mellora o seu comportamento u mes despois? SÍ NON
-

Data do seu paso pola Aula de Inclusión por segunda vez:
Motivo/s:

- Pide perdón e repara o dano causado? SÍ NON
- Mellora o seu comportamento unha semana despois? SÍ NON
- Mellora o seu comportamento dúas semanas despois? SÍ NON
- Mellora o seu comportamento un mes despois? SÍ NO

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Ficha de tarefas para o alumnado sancionado

DATOS DO ALUMNO/A	
Apelidos:	Nome:
Curso:	
Data da sanción:	

1ºDÍA

MATERIAS	TAREFAS

2ºDÍA

MATERIAS	TAREFAS

3ºDÍA

MATERIAS	TAREFAS

O Foxo, a de..... de 20...

O Titor/a

Vª e PR. O Xefe de Estudos

3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:

- i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.**

Realización de campañas de sensibilización (charlas da garda civil, obradoiros de habilidades sociais, servizo de prevención de drogodependencia), publicidade de charlas fora do centro, organizadas polo Concello e/ou outras institucións.

PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA:

O Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade Escolar, ofrece a posibilidade de solicitar charlas informativas/ formativas, impartidas por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre diferentes temáticas que favorezan a mellora da convivencia e o achegamento destes profesionais aos cidadáns, ao mesmo tempo que facilita actuacións en canto a Acción Titorial desenvolvida nos Centros.

O sector do alumnado que é susceptible de recibir información sobre riscos que poidan afectar a súa seguridade son os alumnos que están cursando 5º e 6º cursos de primaria que proximamente cambian de Centro para ir a un de Secundaria onde cremos que os riscos son maiores. Por todo isto entendemos que é necesario que teñan información sobre eses riscos para que poidan estar prevenidos e poder dar unha resposta axeitada no caso que sexa necesario.

As charlas van dirixidas ao alumnado dos cursos antes mencionados, aos membros do Consello Escolar, ao Profesorado e aos pais/nais ou titores legais coa seguinte temática:

1. Riscos de seguridade asociados ás novas tecnoloxías e ao uso de redes sociais, especialmente acoso sexual "child grooming", ou difusión de contidos de natureza sexual por teléfonos móbiles "sexting", venta de nenos prostitución infantil e utilización dos nenos na pornografía.
2. Consecuencias do acoso escolar nos que o padecen, así como da responsabilidade de todos de denunciálo e combatelo. Acoso escolar nas súas diferentes manifestacións (discriminación por razón de sexo)
3. Violencia sobre a muller, discriminación por razón de sexo ou orientación sexual .

Os obxectivos xerais que se pretenden conseguir son os seguintes:

- Axudar a mellorar o coñecemento de alumnos e mestres sobre problemas e riscos dos alumnos
- Motivar aos alumnos na adopción de medidas axeitadas para responder a eses riscos
- Facilitar aos mestres pautas de detección e reacción ante problemas que poidan xurdir

- Familiarizar aos alumnos coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para mellorar a confianza dos nenos e nenas como elemento de garantía de seguridade
- Previr e abordar episodios graves que poidan ameazar a convivencia escolar mediante axuda de funcionarios policiales

ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.

Observación directa do equipo de profesorado de garda (entradas, saídas, recreo).

Asembleas cos titores/as do alumnado, dependendo dos cursos e dos horarios, procurarase utilizar unha sesión específica para tratar aspectos relativos ao Plan de Convivencia e ao Plan de Acción Titorial. No caso de non poder ser así, as actividades para acadar os obxectivos destes plans serán traballadas na clase a nivel interdisciplinario e en calquera outro momento que se considere oportuno.

Coñecemento da función da Orientación do Centro.

iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.

Para que unha situación sexa considerada de acoso escolar han de coincidir simultaneamente tres aspectos:

- Evidente intención de facelo.
- Condutas agresivas reiteradas.
- Desequilibrio de forzas entre a persoa que acosa e a vítima.

Calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación de acoso escolar.

A partir da detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma que permita tomar a decisión máis axeitada.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar seguiranse os seguintes pasos:

1. A dirección do centro redactará un informe que reflecta os datos recollidos na investigación.
2. De ser considerado de gravidade máxima informarase á Inspección educativa, que estimará a pertinencia de informar á Delegación Provincial e á Fiscalía de Menores.
3. A dirección do Centro manterá informado do proceso ao Observatorio de Convivencia do Consello Escolar.
4. O Centro arbitrará medidas de actuación que paren a situación de acoso, evitando que se repitan.

Estas actuacións contemplarán a vítima, a persoa ou persoas agresoras, aos observadores/as e dun xeito máis global a toda a comunidade educativa.

3.3. Protocolo de Absentismo.

Reflectido nas NOFC

3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia

i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFP)

PROXECTO DE CENTRO: Emocion-arte no Foxo

O proxecto do Centro que se pretende desenvolver para o curso 2018/19, ten como centro de interese as emocións e a súa relación coa arte en xeral, ben sexa pintura, música, poesía, teatro....

Todos os cursos tratarán de traballar, nas distintas áreas, sobre este proxecto, para conseguir a adquisición de competencias claves dos alumnos. Introducirán nas súas UDIs os

estándares de aprendizaxe avaliábeis que poidan traballar con respecto a este proxecto de Centro.

As actividades complementarias axudarán a traballar contidos e estándares relacionados durante este curso coas emocións. As tarefas programadas serán avaliadas segundo consta na programación didáctica correspondente.

PFPP: Analizadas as necesidades do Centro, decídese participar na seguinte actividade formativa

Seminario: “Dinámicas para a solución de conflitos. Educación emocional”

Participan neste PFPP 14 mestres do Centro dun total de 16. Sendo a coordinadora Begoña Ansedes Domínguez

Obxectivos neste itinerario:

- Adquisición de técnicas e destrezas para detectar e solucionar conflitos na aula e nos distintos espazos do centro
- Educación emocional tanto a nivel individual como de aula
- Desenvolver programas propios no centro centrados na convivencia positiva

Contidos neste itinerario:

- Formación na xestión de conflitos
- Formación en educación emocional
- Normativa. Protocolos de actuación

Liñas de traballo: Convivencia escolar e clima de aula. Centros saudables. Relación coas familias

- ii. Escola de nais e pais. Creación das escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas**

propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

Este Centro é unha comunidade pequena con boa relación entre os distintos sectores da mesma.

Dende a ANPA e en colaboración co Centro organizaranse algunhas actividades esporádicas sobre igualdade de xénero e sobre resolución de conflitos.

Asemade dentro do Consello Escolar xurde a proposta da realización dun vídeo-clip en colaboración co claustro sobre o tema de igualdade de xénero.

Tamén dende a biblioteca Escolar xestiónanse actividades nas que interveñen as familias e xorde a intervención da Asociación “medrando á par” cunha actividade sobre inclusión

3.5. Normas de convivencia do centro

Coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado, persoal non docente), así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas (Documento de constatación dos feitos (art. 37 do D.8/2015).

NORMAS:

- a) Horario lectivo: Ser puntual e non abandonar o centro sen a debida autorización. Para saír do centro dentro do horario lectivo, os titores legais dos alumnos deberán asinar a correspondente autorización. No caso de ser recollidos por outra persoa distinta, este deberá achegar unha autorización asinada polo titor ou titora legal. Colaborarase en todo momento co normal desenvolvemento da xornada lectiva.
- b) Respecto mutuo entre os membros da Comunidade Educativa e favorecer un bo clima no centro.
- c) Coidado do material e dependencia do Centro.
- d) Asistir ao Centro gardando unhas normas mínimas de vestimenta e aseo persoal.

- e) Evitar actitudes que impidan un correcto desenvolvemento das actividades da aula e doutras dependencias do centro.
- f) Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación durante os períodos lectivos, agás nos casos que se empreguen como ferramenta didáctica.

DEREITOS E DEBERES.

MESTRES/AS

DEREITOS

1. Liberdade de cátedra
2. Dereito ao respecto da súa dignidade persoal e da súa integridade física e moral.
3. Dereito a promover propostas e decidir segundo as normas do presente regulamento sobre cantos aspectos incidan na consecución dos obxectivos do Centro.
4. Ser electores e elixibles para os órganos unipersoais e colexiados do Centro.

DEBERES

1. Respetar e facer cumprir as normas xerais de convivencia establecidas no Centro.
2. Desempeñar os cargos para os que fosen elixidos e conforme ás normas de cada un.
3. Implicarse no control de entradas e saídas, recreos e no uso axeitado das dependencias e mobiliario do centro.
4. implicarse no desenvolvemento de actividades complementarias aprobadas polo claustro.
5. Colaborar activamente na xestión e uso racional dos recursos do Centro.
6. Gardar de forma confidencial a información de que dispoña das circunstancias persoais e familiares do alumno/a.

7. O profesorado deberá asistir na medida do posible ás actividades conxuntas programadas polo Centro.

PERSOAL NON DOCENTE (CONSERXE)

DEREITOS

Dereito a ser respectado na súa dignidade profesional.

1. Dereito a que sexa respectado o seu horario e condicións laborais, que a Administración Local e o Regulamento de Persoal subalterno de Institucións escolares lle teña encomendados.

DEBERES

1. Respectar e facer cumprir as normas xerais de convivencia establecidas no Centro.
2. Cumprir os horarios da súa función.
3. Colaborar no mantemento do inmovible, informando das deficiencias que observe.
4. Colaborar en aspectos como: entradas e saídas de alumnos/as, disposición axeitada de mobiliario e entrega e recollida de material de apoio aos usuarios.

PAIS/NAIS

DEREITOS

1. Coñecemento das normas de convivencia establecidas neste plan así como no NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia)
2. Entrevistarse cos/as mestres/as para informarse ou informar sobre cantas circunstancias incidan na formación dos seus fillos/as.
3. Ser electores/as elixibles no Consello Escolar
4. Dereito a asociarse, constituíndose en ANPAS, podendo desenvolver actividades relacionadas no Título VI, artigo 105 do regulamento orgánico das

escolas de Educación Infantil e Primaria. (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG0 8/01/97)

DEBERES

1. Respetar e facer cumprir as normas xerais de convivencia establecidas no Centro.
2. Atender as citacións do Centro dentro dos prazos establecidos.
3. Participar na xestión do centro a través dos seus órganos de representación
4. Facilitar aos titores/as a información sobre as circunstancias que poidan incidir no rendemento académico dos seus fillos/as
5. Colaborar cos profesores/as na formación dos seus fillos/as dándolles uns principios básicos de convivencia e responsabilidade.

ALUMNOS/AS

DEREITOS

Todos/as os alumnos/as teñen dereito

1. A unha formación nos dereitos e liberdades dentro dos principios democráticos, que asegure o total desenvolvemento da súa personalidade.
2. Á formación para a paz, solidariedade e cooperación..
3. A un desenvolvemento harmónico de afectividade e das relacións cos demais.
4. A unha igualdade de oportunidades baseada na non discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, nivel socioeconómico, conviccións políticas, morais ou relixiosas así como discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
5. A fomentar a súa capacidade e actitude crítica que os axude na adquisición dunha conciencia en liberdade.
6. A que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade como persoa

7. A percibir axudas para compensar posibles carencias de tipo familiar, económico e sociocultural

DEBERES

1. Respetar e cumprir as normas xerais de convivencia establecidas no Centro.
2. Respetar o dereito ao estudo dos compañeiros e compañeiras.
3. Respetar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas e morais, a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
4. Empregar unha linguaxe e vocabulario axeitados á hora de comunicarse cos demais.
5. Solicitar permiso do profesorado para ausentarse da aula ou do patio de recreo.
6. Rexeitar o emprego de xoguetes ou obxectos violentos e/ou perigosos.
7. Evitar xogos que inciten á violencia ou que sexan sexistas.
8. Empregar correctamente os aseos.
9. Achegar os materiais necesarios.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE O INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

Ante as faltas leves actuarase do seguinte xeito: tratarase de corrixilas no marco máis próximo a onde xurdiu o conflito. Intervirán no momento en que se dea a situación os mestres/as que a presencien empregando o diálogo, principalmente, como medio para resolver e analizar os problemas e intentando converter os conflitos nunha ocasión para aprender a convivir.

As faltas graves ou moi graves deberán ser comunicadas á Dirección e Xefatura de Estudos, para seguir un proceso unificado de actuación. Nestes casos tamén se lle comunicará á familia.

Se a falta é considerada como moi grave e só nun caso excepcional podería ser necesaria unha intervención da Comisión de Convivencia. De ser o caso a dirección do centro, imporá

as correccións enumeradas no artigo 39 do capítulo IV do título III do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro (DOG martes 27 de xaneiro de 2015).

PROCESO A SEGUIR NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:

1. Aclarar o problema. O mediador escoitará a versión das partes implicadas, dando oportunidade e valor ás opinións.
2. Propoñer solucións. Os implicados poden comentar posibles solucións.
3. Chegar a un acordo. O mediador aclarará coas diferentes partes o acordo ao que se chegou.

Se se considera necesario pedirase a colaboración do/a Xefe/a de Estudos ou do/a Orientador/a.

Ante un dano ou falta cometida pedirase desculpas ou restituírse o material se é o caso.

3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.

(D. 8/2015, 8 xaneiro)

i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

1. Faltas inxustificadas de puntualidade.
2. Disputas entre iguais na aula ou no tempo de recreo.
3. Esquecemento do material preciso para o normal funcionamento da clase.
asistencia á clase sen material escolar necesario (salvo que exista xustificación)
4. O uso incorrecto e con neglixencia das instalacións e material do Centro.
5. Interrupcións e faltas de atención reiterativas ás explicacións e pautas do mestre/a

MEDIDAS CORRECTORAS:

Amoestación privada.

Comparecencia inmediata ante a xefatura de Estudos ou a dirección.

Realización de traballos específicos en horario lectivo.

Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do Centro por un período de ata dúas semanas.

Suspensión temporal do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar as tarefas que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo

RESPONSABLES:

A imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias a convivencia levarase a cabo por o Profesor titor, a xefatura de estudos ou a dirección do centro segundo a clase de corrección que se aplique.

A non comparecencia sen causa xustificada dos representantes legais do alumnado ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección

As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Segundo ven regulado no Decreto 8/2015, as audiencias e comparecencias dos representantes legais do alumnado nos procedementos regulados no capítulo IV do título III, son obrigatorias para eles/as, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes en materia de protección da infancia e servizos sociais, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela, en cumprimento do artigo 27 da Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Poderá entenderse reiteración cando esta desatención manifesta se constate, cando menos, en dúas ocasións dentro do mesmo trámite do procedemento

ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

1. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de 3 condutas leves contrarias á convivencia.
2. Faltas de respecto aos compañeiros ou a calquera persoa da comunidade educativa.
3. A violencia física ou psíquica, a calumnia ou inxuria e a coacción contra calquera persoa da comunidade educativa.
4. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
5. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte ao establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
8. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. Será indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
11. O incumprimento das NOF, cando o mesmo teña consecuencias graves para a convivencia.
12. O incumprimento das sancións impostas

MEDIDAS CORRECTORAS:

Realización de tarefas que contribúan á mellora do desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares por un período de entre dúas semanas e un mes.

Cambio de grupo.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

Estas medidas só se poden impoñer logo da instrución dun procedemento corrector que poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

Correspóndelle á dirección do Centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información e tendo en conta as características concretas da conduta que se vaia corrixir, as circunstancias da mesma, as características do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia.

A dirección do Centro informará ao consello escolar desas condutas que fosen corrixidas e no Centro quedará constancia da corrección da conduta coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

iii. Criterios para a elección de instrutor

Un membro do claustro será nomeado como instrutor/a pola Dirección do centro, atendendo aos seguintes criterios:

- Preferentemente será un mestre/a que non imparta docencia a ningún/unha dos/as

interesados/as.

- Non terá implicación nin directa nin indirecta nos feitos (ser unhas das partes, ser testemuña, ...).

- Non terá parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos/as interesados/as (alumnado, profesorado, representantes legais, implicados).

A persoa nomeada, así como o resto dos/as implicados/as, poderá solicitar por escrito á Dirección, en calquera momento da tramitación, a recusación, alegando o incumprimento dalgúns dos puntos anteriores ou dos seguintes:

- Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro na resolución do cal puidese influír a daquel.

- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas implicadas na tramitación.

Mediador/a:

No caso de usar o procedemento conciliado, ademais dun/unha instrutor/a, a dirección nomeará a unha persoa mediadora, que deberá reunir as características anteriores e non poderá ser, en ningún caso, nin a propia dirección do centro nin o/a instrutor/a, podendo asignarse, entre outros á xefatura de estudos ou á xefatura do departamento de orientación, de non estar xa vinculados no procedemento.

iv. Gradación das medidas correctoras

A corrección das condutas contrarias á convivencia forma parte do proceso educativo, polo que deberá reunir as seguintes características:

- Ter carácter educativo e recuperador.

- Garantir o respecto dos dereitos do alumnado

- Contribuír a que o alumnado asuma o cumprimento dos seus deberes.

- Ser proporcionais á gravidade da conduta.

- Ningún/unha alumno/a poderá ser privado/a do exercicio do seu dereito á educación e escolaridade.

Á hora de decidir unha sanción, deberán terse en conta os seguintes aspectos:

ATENUANTES

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta , de ser o caso.
- A falta de intencionalidade.
- O cumprimento espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- A natureza dos prexuízos causados.

AGRAVANTES

- A premeditación.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas (3 nun mes)
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- A natureza dos prexuízos causados.
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro,...

v. Procedemento conciliado

Poderase aplicar se:

- O/A alumno/a responsable da conduta recoñece a gravidade da mesma, está disposto/a a reparar o dano material ou moral causado e se compromete a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

Non se poderá aplicar se:

- Todos/as os membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta mostran a súa disconformidade a acollerse.
- Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- Cando a persoa agraviada ou os representantes legais desta non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando o/a alumno/a autor/a da conduta ou os representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, co/coa mesmo/a alumno/a para corrixir unha conduta semellante.

3.7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro. (composición, funcións e periodicidade das reunións).

No Centro constituirase un equipo de dinamización de convivencia que será o órgano encargado de dinamizar, revisar e actualizar o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa. Os seus membros son:

Xefa de estudos: Rocío Calviño Cerviño, coordinadora e responsable deste equipo

Directora: Rosa M^a Ferreira Castro

Secretaria: M^a Begoña Porto Brea

Orientadora (nomeamento provisional anual)

Coordinadora do PFPP: M^a Begoña Ansedes Domínguez

Mestre do 1^o ciclo: M^a do Carme Sangiao Puente

Mestre do 2^o ciclo: M^a Victoria Sánchez Luces

Mestre do 3^o ciclo: Xosé Luna Sanmartín

Asemade, no seo do Consello Escolar estará constituída a comisión de convivencia, que recollerán as propostas do Equipo de dinamización da convivencia e estudarán o Plan de Convivencia redactado polo Equipo anterior que será presentado ao consello Escolar para a súa aprobación.

Os seus membros serán elixidos polo consello escolar do centro. Deberán estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, a proposta dos colectivos representados.

Estará composto por:

–Director/a en calidade de presidente/a.

–2 Representantes do profesorado, buscando a coincidencia cos mestres que forman parte do equipo de dinamización da convivencia.

–1 Representantes das familias.

–1 Representantes do persoal de administración e servizos.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno poderá solicitar o asesoramento ou colaboración de calquera membro do Equipo de dinamización da convivencia como o orientador/a, o/a titor/a implicado/a, traballador social do Concello.

O equipo de dinamización da convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada

pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Desas reunións levantará acta a Xefa de Estudos como responsable do Equipo de dinamización da convivencia. Esa acta quedará arquivada na dirección do Centro.

3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

A nivel do centro considérase que todos os organismos de coordinación docente teñen un papel colaborador para a mellora da convivencia. As actividades que se realizan no Centro son todas elas inclusivas e coordínanse cos distintos Equipos docentes. Nas reunións informativas de todos os luns analízase periodicamente o clima do Centro.

Dende a xefatura de estudos e o departamento de orientación levase a cabo o plan de acción tutorial e un seguimento da convivencia das distintas aulas cos profesores tutores por niveis educativos.

As familias dos alumnos teñen unha gran presenza no centro, acudindo ás sesións de acollida e reunións por nivel, solicitando frecuentemente reunión cos profesores tutores, profesorado en xeral, departamento de orientación e equipo directivo, e participando nas numerosas reunións informativas motivadas pola organización de viaxes, intercambios...

A súa presenza é numerosa nas sesións de apertura de curso, festivais e actividades que desenvolve o Centro.

A ANPA do centro colabora activamente co Centro.

Realízase unha coordinación presencial ou telefónica sempre que se considere necesario en especial cos Servizos Sociais do Concello, con outros Centros educativos de Primaria, co Centro de Secundaria ao que está adscrito

3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

(reunións iniciais familias, a través das titorías, páxina web, trípticos informativos ...)

O Equipo Directivo facilitará o plan de Convivencia, ao comezo do curso, aos profesores e á Asociación de Pais e aclarará a posibles dúbidas que poidan existir do mesmo.

Nas reunións de comezo de curso tamén se informará ás familias sobre este Plan.

Os titores explicarán, ao comezo de cada curso, o Plan de Convivencia aos alumnos/as. Aos pais e nais na primeira reunión xeral, comentándolles os aspectos máis relevantes do mesmo.

3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.

Por parte dos equipos docentes farase unha valoración das actividades programadas e da aplicación do plan. Así mesmo dende os distintos niveis poderán realizarse propostas de mellora.

Ao longo do curso o Equipo directivo do Centro, o claustro e o consello escolar, a través do Equipo de Dinamización de Convivencia fará un seguimento do plan de Convivencia e elaborará, se é preciso, un informe coas modificacións que se poidan introducir no mesmo. O dito informe presentarase á Comisión de convivencia para a súa aprobación, se procede.

Farase unha avaliación inicial referida á coordinación e implicación do Plan no Centro, o tratamento curricular e a metodoloxía empregada, as dificultades atopadas e as propostas de mellora.

Nas reunións os mestres farán unha avaliación, ao remate de cada curso, do plan de Convivencia.

O Equipo de Dinamización da convivencia Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de Convivencia do Centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de Convivencia, aprobará a memoria do Plan de Convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do Centro e servirá de referencia para as oportunas modificacións. Nesa memoria reflectirase:

Grao de implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa.

Grao de desenvolvemento das actividades propostas.

Incidencias no centro distribuídas por niveis educativos.

Medidas adoptadas.



Resolución de conflitos xerados.

Propostas de mellora.


As normas de convivencia do Centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no Plan de Convivencia do Centro. Publicaranse na páxina web do Centro.

4. CUESTIONARIO SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR


Decembro 2018




RESPECTO DO MATERIAL ESCOLAR, QUE SOE OCORRER NO COLEXIO?




VICHES ALGÚN DOS SEGUINTES COMPORTAMENTOS NO COLEXIO?




CON QUE FRECUENCIA SE DAN ESTAS SITUACIÓNS NO COLEXIO




EN CASO AFIRMATIVO QUE FIXECHES AO VER ESA SITUACIÓN




ONDE SE SOEN DAR ESTES COMPORTAMENTOS




ALGUNHA VEZ SUFRICHES ALGÚN DOS SEGUINTES COMPORTAMENTOS?



EN CASO AFIRMATIVO, QUE FIXECHES ANTE ESTES COMPORTAMENTOS?



ALGUNHA VEZ PARTICIPACHES NESTE TIPO DE COMPORTAMENTOS CARA OS DEMAIS?



CANDO TES UN PROBLEMA PERSOAL A QUEN PIDES AXUDA?

